Resumo

Unidade 6

O século XVIII é o Século das Luces. O movemento ilustrado vai contar cunha serie de propostas e visións críticas que, xunto con outros factores económicos e sociais, porán fin ás monarquías absolutistas e, en definitiva, ao Antigo Réxime. O *despotismo ilustrado*, como táctica reformista do absolutismo centralizador, será clausurado por un proceso revolucionario, a Revolución Francesa, que senta as bases da Idade Contemporánea.

Desde o punto de vista cultural, a Ilustración, baseada na concepción racionalista, é a creación ideolóxica da burguesía que aspira a ter capacidade e dereitos políticos. Para iso postulan unha nova mirada sobre a política e danlles resposta, desde un espírito crítico, ás demandas e necesidades do Terceiro Estado. Rexeitando os dogmas da relixión e combatendo a ignorancia, valoran a educación vinculada ao Estado como ferramenta indispensable para a difusión da razón e a construción da "masa" crítica que leve adiante, con optimismo e esperanza, a transformación do sistema. Neste sentido, a obra da Enciclopedia e os escritos dos grandes ilustrados, como Montesquieu, Voltaire e Rousseau, cada un no seu grao, representan a teorización do cambio social. Máis reformista no caso dos dous primeiros pensadores citados, máis profunda e real no caso do último.

A paisaxe cultural neoclásica, que trata de ter como referencia modélica a Antigüidade greco-romana, vese acompañada dunha literatura que reflicte os valores ilustrados. Se en Francia son centrais os escritos dos grandes pensadores, en Inglaterra vai destacar a novela, con voces tan importantes como Defoe, Swift ou Jane Austen.

Mais o mundo ilustrado, con exemplificacións en toda Europa, tanto dun xeito creativo e orixinal, como mimético noutros casos, vai coñecer a finais de século, sobre todo desde Alemaña co movemento do *Stum und Drang*, a xestación de novos idearios estéticos, onde a razón se vai ver acompañada e mesmo condicionada polo idealismo e os sentimentos. Estamos ás portas do romanticismo, portas que serán abertas por notorias figuras como Schiller ou Goethe.